



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIMIANZO

*Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal número 7*

#### ANUNCIO

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 19 de agosto de 2026, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, ábrese un período de 30 días hábiles, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas.

Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a modificación da ordenanza considerarase aprobada definitivamente.

Vimianzo, o 3 de setembro de 2026

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/5813